



**PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO
FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO
EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA**

Dirección Xeral de Saúde Pública

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2022



Este documento estará en permanente revisión e actualización e dispoñible na páxina web corporativa do Servizo Galego de Saúde a través da seguinte ligazón:

<https://coronavirus.sergas.gal/>

Versión 1: 03/09/2020

Versión 2: 06/10/2020

Versión 3: 09/10/2020

Versión 4: 05/11/2020

Versión 5: 16/09/2021

Versión 6: 14/01/2022

RESUMO DE NOVIDADES Versión 6: 14/01/2022

Achégase unha nova edición do PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Ten como obxectivo incorporar as modificacións no seguimento de casos e contactos aprobadas na “ADAPTACIÓN DE LA GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE LA APARICIÓN DE CASOS DE COVID-19 EN CENTROS EDUCATIVOS A UN CONTEXTO DE ALTA CIRCULACIÓN DE VIRUS SARS-CoV-2”, documento aprobado pola *Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta* e pola *Comisión de Salud Pública del Consejo Interterritorial* o 08.01.2022.

PRINCIPAIS NOVIDADES

1. CASOS CONFIRMADOS DE COVID-19

Illamento domiciliario ata levar 3 días sen síntomas e sempre que pasasen 7 días desde que estes comezaron. Se non tivo síntomas, deberá manter o illamento ata pasados 7 días desde a recollida da mostra diagnóstica. Non será necesario realizar unha nova proba para suspender as medidas de illamento nin para reincorporarse á actividade laboral ou escolar.



2. MANEXO DOS CONTACTOS ESTREITOS ANTE A APARICIÓN DE CASOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

Introdúcese o termo de contorna para a avaliación dos casos. **Considerarase a mesma contorna:** un aula, unha liña específica do transporte escolar, unha quenda concreta de comedor ou dunha actividade extraescolar

2.1. Casos esporádicos (ata 4 casos ou menos do 20% dos integrantes da contorna, en 7 días)

Niveis educativos de infantil e primaria	Outros niveis educativos (≥ 12 anos) Centros de educación especial
Non se identificarán contactos estreitos	Identificaranse contactos estreitos
Non realizarán corentena (a excepción das persoas con inmunosupresión).	Vixilancia ou corentena como a poboación xeral.
Non proba diagnóstica (a excepción das persoas con inmunosupresión).	Proba diagnóstica para os corentenados e persoas vulnerables.
Medidas: os ECCE deben informar ao profesorado e familiares do alumnado da mesma rede de contactos das medidas a tomar nos seguintes 10 días (extremar as precaucións, reducir as interaccións sociais e evitar o contacto con persoas vulnerables).	Medidas: as indicadas segundo vixilancia ou corentena na poboación xeral. https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Que-facer-contacto-covid

2.2. Agrupación de casos (5 casos ou máis; $\geq 20\%$ dos integrantes da contorna, en 7 días)

- Os ECCE notificarán a agrupación de casos no centro á CSC para poder avaliar o risco e identificar os contactos estreitos correspondentes a esa contorna específica.
- Tras unha primeira valoración por parte da CSC, esta comunicará a situación a Xefatura Territorial de Sanidade (XT) da provincia correspondente ou, no seu defecto, ao Servizo de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG).
- Unha vez recibida esta notificación por parte da CSC, o persoal técnico das XT de Sanidade ou do SAEG, fará unha **avaliación do risco de transmisión** no centro educativo e levarán a cabo as actuacións específicas que sexan necesarias para o seu control.



- As persoas consideradas contacto estreito dun caso COVID sempre deberán seguir sempre medidas de corentena ou vixilancia que procedan, independentemente de onde se producira a exposición ao caso COVID ou da idade que teñan.

3. CRIBADOS

En ningún dos escenarios se recomenda neste momento realizar cribados masivos nos centros educativos, a non ser que de forma excepcional así o indiquen as autoridades de saúde pública.



ÍNDICE

1. OBXECTIVO

2. MANEXO DO CASO SOSPEITOSO

- 2.1. Abordaxe do caso sospeitoso cando está fóra do centro educativo
- 2.2. Abordaxe do caso sospeitoso cando está no centro educativo

3. MANEXO DO CASO CONFIRMADO

4. IDENTIFICACIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS NO CENTRO EDUCATIVO

- 4.1. Quen conforma a rede de contactos nos centros educativos?
- 4.2. Identificación de contactos estreitos nos centros educativos
- 4.3. Quen son os contactos estreitos nos centros educativos?
- 4.4. Pasos a seguir no rexistro de contactos estreitos dun centro educativo

5. MANEXO DOS CONTACTOS ESTREITOS IDENTIFICADOS NO CENTRO EDUCATIVO

- 5.1. Medidas a seguir polas persoas que forman parte da rede de contactos dun caso esporádico en educación infantil e primaria
- 5.2. Medidas a seguir polas persoas identificadas como contacto estreito

6. INFORMACIÓN RELACIONADA CO VIRUS SARS-CoV-2 E A COVID-19

- 6.1. Equipos COVID Escolas
- 6.2. Central de Seguimento de Contactos
- 6.3. Recursos e fontes de información para centros educativos



1. OBXECTIVO

O obxectivo deste protocolo é servir de guía para a detección e manexo de casos sospeitosos, casos confirmados, contactos e abrochos de COVID-19 no ámbito educativo non universitario de Galicia.

2. MANEXO DO CASO SOSPEITOSO

2.1. Abordaxe do caso sospeitoso cando está fóra do centro educativo

Todo o alumnado, persoal docente e o persoal non docente deberá realizar diariamente a “Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19”, na que se valoran os síntomas que se presentan con maior frecuencia na COVID-19 (febre maior de 37,5°C, tose seca ou produtiva, dificultade respiratoria, dor de garganta, outros síntomas respiratorios, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, vómitos ou diarrea), o que permitirá detectar precozmente a sospeita de infección por SARS-CoV-2.

No caso de que **calquera destas persoas presente síntomas compatibles**, independentemente do seu estado vacinal, pasará a ser considerado **caso sospeitoso de COVID-19**. Nesta situación, a persoa con síntomas non deberá acudir ao centro escolar, e deberá informar desta circunstancia ao centro educativo. Así mesmo, deberá pórse en contacto co seu pediatra/médico de atención primaria ou chamar ao 881 54 00 45. No caso de sintomatoloxía grave poderá acudir ao servizo de urxencias ou chamar ao 061. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de que se prescriba a realización dunha **proba diagnóstica de infección activa (PDIA)**, como pode ser unha PCR ou unha proba de detección de antíxeno, **o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario** seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente.

Os **conviventes** dunha persoa considerada caso sospeitoso (alumno/a ou profesional), **evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles** ata que se confirme o resultado do caso. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a




situación do caso sospeitoso. Tendo en conta isto, as [persoas vacinadas coa pauta completa](#) ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención.

Só poderán suspenderse as medidas de illamento preventivo daquelas persoas consideradas caso sospeitoso sen o resultado negativo dunha PDIA, se o persoal sanitario considera que a clínica non é compatible coa COVID. Nesta situación, a persoa con síntomas poderá continuar coa súa rutina de forma habitual.

Para documentar a ausencia ao centro educativo por cuestións sanitarias derivadas da COVID-19 non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

ANEXO 1. CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO





2.2. Abordaxe do caso sospeitoso cando está no centro educativo

Todo o alumnado, persoal docente e o persoal non docente que presente sintomatoloxía compatible coa COVID-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose seca ou produtiva, dificultade respiratoria, dor de garganta, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, vómitos ou diarrea) será considerado caso sospeitoso de infección por SARS-CoV-2.

Aqueles casos sospeitosos que poidan facelo, deberán pórse unha máscara cirúrxica e abandonar o centro para dirixirse ao seu domicilio, onde deberán quedarse en illamento. No caso de persoas que precisen ser acompañadas, deberán ser trasladadas á sala habilitada para o illamento, levando posta unha máscara cirúrxica e acompañados dun profesor que tamén levará máscara cirúrxica. Como excepción, se a persoa considerada caso sospeitoso non pode usar a máscara cirúrxica, a persoa acompañante utilizará unha máscara tipo FFP2 xunto cunha pantalla. A sala de illamento deberá ter unha ventilación axeitada e estar provista de xel hidroalcolico, panos desbotables e papeleira de pedal.

Esta situación debe ser notificada ao responsable do **Equipo COVID do Centro Educativo (ECCE)**, que deberá informar da situación á familia ou persoa de referencia do caso sospeitoso (pais, titor etc.). Esta persoa deberá presentarse no centro a maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.


A continuación, a familia deberá pórse en contacto co seu pediatra/médico de atención primaria ou chamar ao 881 54 00 45. No caso de sintomatoloxía grave poderá acudir ao servizo de urxencias ou chamar ao 061. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de que se prescriba a realización dunha PDIA, o caso sospeitoso continuará en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente. Os conviventes dunha persoa considerada caso sospeitoso (alumno/a ou profesional), evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso. Tendo en conta isto, as [persoas vacinadas coa pauta completa](#) ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención.



Só poderán suspenderse as medidas de illamento preventivo daquelas persoas consideradas caso sospeitoso sen o resultado negativo dunha PDIA, se o persoal sanitario considera que a clínica non é compatible coa COVID. Nesta situación, a persoa con síntomas poderá continuar coa súa rutina de forma habitual.

ANEXO 2. CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO NO CENTRO EDUCATIVO



3. MANEXO DO CASO CONFIRMADO

No caso de que a PDIA solicitada **resulte positiva**, o caso sospeitoso pasará a considerarse **caso confirmado de COVID-19** e os profesionais sanitarios de atención primaria poranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia para informar deste resultado, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento. Ademais, se as condicións socio-sanitarias o



permiten, e o paciente ou a persoa de referencia da o seu consentimento, serán incluídos na plataforma TELEA para o seguimento do paciente de forma telemática.

Por outra banda, todas aquelas persoas que obteñan un resultado **positivo nunha proba de antíxenos de autodiagnóstico serán considerados directamente como un caso confirmado**. Polo tanto, estas persoas deberán seguir as mesmas medidas de illamento que as persoas positivas nunha PDIA. Para poder realizar o seguimento e estudo do caso confirmado, deberá notificarse o positivo a Saúde Pública. A notificación varía dependendo de como se realizase a proba de autodiagnóstico:

- Autodiagnóstico realizado CON supervisión dun farmacéutico: será o farmacéutico quen notifique o caso positivo a Saúde Pública.
- Autodiagnóstico realizado SEN supervisión dun farmacéutico: a persoa debe cubrir o formulario de DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AUTOTEST POSITIVO dispoñible na páxina web do coronavirus [[ligazón](#)] ou chamar ao 881 540 045.

A persoa diagnosticada da COVID-19 continuará co illamento domiciliario ata levar 3 días sen síntomas e sempre que pasasen 7 días desde que estes comezaron. Se non tivo síntomas, deberá manter o illamento ata pasados 7 días desde a recollida da mostra diagnóstica. Non será necesario realizar unha nova PDIA para suspender as medidas de illamento nin para reincorporarse á actividade laboral. En todo caso, **o caso confirmado sempre deberá seguir as indicacións dos profesionais sanitarios que se encarguen do seu seguimento clínico.**


4. IDENTIFICACIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS NO CENTRO EDUCATIVO

4.1. Quen conforma a rede de contactos nos centros educativos?



A **rede de contactos** esta formada por aquelas **persoas situadas a menos de 2 metros** da persoa da que se define a rede. Esta rede de contactos, previamente definida polo ECCE na plataforma EduCOVID, facilitará a labor de identificar os contactos estreitos ao responsable do ECCE en caso de ser necesario.



1. **No caso do transporte escolar:** establecerase un radio de 2 metros para a identificar a rede de contactos de cada un dos/as alumnos/as. Isto tradúcese en 2 asentos en todas as direccións desde onde se senta á persoa da que se define a rede de contactos. Entenderase o oco do corredor como 1 asento.



2. **No caso de aulas, laboratorios, comedores e outros espazos:** adoptarase o mesmo criterio do radio de 2 metros arredor da persoa. Isto acostuma a implicar ás persoas sentadas nos asentos contiguos, en todas as direccións, da persoa da que se define a rede de contactos.





4.2. Identificación de contactos estreitos nos centros educativos

O peche de centros educativos demostrou un impacto negativo no desenvolvemento e na educación da poboación en etapa de aprendizaxe. Por este motivo, ao longo da pandemia, instauráronse medidas preventivas específicas que permitiron reabrir as aulas cunha transmisión limitada da COVID-19. Tendo en conta isto, nun momento de alta transmisión comunitaria do SARS-CoV-2, o estudo de contactos en centros educativos debe adaptarse á evidencia da que dispoñemos actualmente na que se pon de manifesto que, de forma xeral, **os colexios son contornas seguras**.

IDENTIFICACIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS ANTE CASOS ESPORÁDICOS

Defínese como **caso esporádico** nun centro educativo a **todos os casos confirmados de infección activa que NON formen unha agrupación mínima de 5 ou mais casos** nunha contorna específica do centro educativo **NIN supoñan unha afectación do 20% ou mais** do volume total de persoas que forman parte desa contorna (alumnado/persoal).

- **NIVEIS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (0-11 ANOS):**

Seguindo as liñas de actuación dos documentos aprobados pola *Comisión de Salud Pública do Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud* ([Adaptación de la estrategia de detección precoz, vigilancia y control de COVID-19 en periodo de alta transmisión comunitaria](#)) aprobada o pasado 30/12/2021 e a [Adaptación de la guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos a un contexto de alta circulación de virus SARS-CoV-2](#) aprobada o pasado 08/01/2022) **ante a aparición de casos esporádicos** nun aula (ou outra contorna específica do centro educativo) **entre o alumnado/traballadores de educación infantil e primaria, non se identificarán contactos estreitos nos centros educativos**.

Non obstante, **as persoas con inmunosupresión** son especialmente vulnerables e sempre **deberán realizar medidas de corentena se teñen un contacto estreito cun caso positivo**. Os ECCE identificarán a estas persoas inmunodeprimidas (alumnado ou traballadores do centro) entre a rede de contactos do caso, e **notificarán esta situación á Central de Seguimento de Contactos (CSC)** para que esta poida valorar se é un contacto estreito do caso e indicar medidas



de corentena domiciliaria. Así mesmo, recoméndase **identificar se entre a rede de contactos do caso existe algunha muller embarazada**, posto que tamén se consideran un colectivo vulnerable e pode ser oportuno realizar algún tipo de medida particular. No caso de que algunha destas persoas vulnerables cumpra a definición de contacto estreito, o responsable COVID deberá rexistrar a esta persoa coma contacto estreito en EduCOVID tras comentar a situación coa CSC.

- **OUTROS NIVEIS EDUCATIVOS (≥ 12 ANOS):**

Os centros doutros niveis educativos diferentes a educación infantil e primaria, nos que un porcentaxe moi elevado do alumnado xa conta coa pauta completa de vacinación e non é necesario realizar corentenas domiciliares, **continuarase identificando aos contactos estreitos e indicando as medidas que procedan para a poboación xeral segundo ao seu estado vacinal ou situación de vulnerabilidade.**

- **CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL:**

En centros de educación especial de calquera nivel educativo, nos que exista alumnado especialmente vulnerable por presentar patoloxías de risco, **tamén deberá realizarse a identificación de contactos estreitos ante a presenza do primeiro caso no centro. Os ECCE deste centro deberán poñerse en contacto coa CSC en canto reciban a notificación de que existe un caso COVID.**

IDENTIFICACIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS ANTE AGRUPACIÓN DE CASOS COVID

Considerase agrupación de casos COVID nun centro educativo cando se producen **5 ou mais casos confirmados** de infección activa **nunha contorna específica do centro** (ou afectación do 20% ou máis de alumnado/persoal relacionado con esa contorna) **nun período igual ou inferior a 7 días.**



Entenderase como **contorna específica do centro, a calquera lugar ou actividade relacionada co centro educativo que implique a presenza e relación física entre diferentes persoas**. Polo tanto, se aparecen diversos casos nun centro educativo, a contorna específica sería o lugar ou actividade no cal estes casos COVID puideron ter un contacto suficiente para que o contaxio se producise nesa contorna. Serán por tanto contornas específicas do centro: un aula, unha liña específica do transporte escolar, unha quenda concreta de comedor ou dunha actividade extraescolar que se realiza no centro etc.

Dado que os ECCE son as persoas que mellor poden coñecer as dinámicas de traballo do centro e as agrupacións de alumnos en diversas contornas do mesmo (transporte escolar, comedor, aulas conxuntas etc.), **deberán ser os ECCE os que notifiquen a agrupación de casos no centro á CSC para poder avaliar o risco e identificar os contactos estreitos correspondentes a esa contorna específica**. Nesta situación **identificaranse os contactos estreitos** deste ámbito e seguiranse as indicacións de corentena ou vixilancia segundo a estratexia de control na poboación xeral, **independentemente do nivel educativo no que se producen os casos**.

Debe mencionarse que o escenario de aparición de casos da COVID-19 en relación con centros educativos pode ser moi variable, podendo aparecer casos nunha única clase sen que a transmisión do virus se producise no centro escolar. Do mesmo xeito, tamén pode ocorrer que aparezan casos en diferentes clases e si exista vínculo entre eles e o centro educativo. Tendo en conta esta importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecte unha agrupación de casos, deberá realizarse unha valoración de risco por parte das autoridades sanitarias.

Os ECCE notificarán á CSC esta agrupación de casos. Tras unha primeira valoración, será a CSC quen comunique a situación á Xefatura Territorial de Sanidade (XT) da provincia correspondente ou, no seu defecto, ao Servizo de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG). Unha vez recibida esta notificación, o persoal técnico das XT de Sanidade ou do SAEG, fará unha avaliación do risco de transmisión no centro educativo e levarán a cabo as actuacións específicas que sexan necesarias para o seu control.

Polo tanto, **será a XT de Sanidade ou o SAEG quen se poña en contacto co centro educativo para facilitar as indicacións e medidas que se consideren necesarias para o seu manexo**. Dada a especial relevancia e risco que pode supoñer, poderá ser necesario tomar medidas adicionais. No caso de que a



aplicación destas medidas supoña a corentena de todo o alumnado dun aula ou centro educativo, deberá notificarse este feito á Dirección Xeral de Saúde Pública.

En ningún dos escenarios se recomenda, neste momento, realizar cribados masivos nos centros educativos, a non ser que de forma excepcional así o indiquen as autoridades de saúde pública.

4.3. Quen son os contactos estreitos nos centros educativos?

A identificación de contactos estreitos nos centros educativos implica a avaliación individualizada de certas variables, como pode ser o uso adecuado da máscara ou a adecuada ventilación do aula. Polo tanto, para levar a cabo esta identificación, será necesaria a colaboración entre o responsable do ECCE e a CSC.

Os criterios xerais para a identificación dos contactos estreitos en centros escolares son os seguintes¹:

- **No primeiro ciclo de educación infantil (0 a 3 anos)** entenderase, de forma xeneralizada, como contacto estreito a todas as persoas pertencentes ao grupo de convivencia estable, dado que neste ciclo non hai obriga da utilización da máscara. Nesta situación será necesaria unha valoración individualizada das interaccións entre as diferentes persoas que conforman o grupo para poder definir que persoas son contacto estreito do caso confirmado.
- **Para os niveis do segundo ciclo de educación infantil (3 a 6 anos) e restantes por encima dos 6 anos**, identificarase como contacto estreito a calquera persoa que puidese compartir espazo co confirmado a unha **distancia <2 metros** arredor do caso durante **mais de 15 minutos**, salvo que se poida asegurar que se realizou un **uso adecuado da máscara por ambas partes**. A avaliación do uso adecuado da máscara será realizada polo profesor/titor da aula e/ou o responsable do ECCE, seguindo as instrucións da CSC.
- **Calquera profesional do centro educativo**, profesor ou outro traballador que compartise espazo cun caso confirmado a unha distancia <2 metros, durante máis de 15 minutos e sen a utilización correcta da máscara por algunha das partes.

¹ Nos contactos estreitos en centros escolares non se inclúen os contactos domiciliarios, malia que tamén poidan ser contactos estreitos no centro, posto que a CSC xa os identifica durante a enquisa ao caso confirmado.



O **período de transmisibilidade** a considerar para a identificación de contactos estreitos é, nos casos sintomáticos, dende 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento no que o caso é illado. Nos casos asintomáticos, os contactos buscaranse dende 2 días antes da data da recollida da mostra que permitiu o diagnóstico. Esta información estará dispoñible en EduCOVID para que os centros educativos poidan iniciar a identificación de contactos en canto reciban dita comunicación que realiza a CSC.

O **responsable COVID do centro educativo non deberá ter en conta o estado de vacinación nin o diagnóstico previo da COVID para elaborar a listaxe de contactos estreitos**, sendo esta función asumida polos axentes da CSC. Estes axentes revisarán os rexistros sanitarios de cada contacto estreito durante o inicio do seguimento e adaptarán as medidas que deben seguir en función da información dispoñible.

4.4. Pasos a seguir no rexistro de contactos estreitos dun centro educativo

Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o responsable do ECCE poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos **contactos estreitos** segundo proceda, en función do nivel educativo e de se se trata dun caso esporádico ou unha agrupación de casos.

Sempre que ao responsable do ECCE se lle notifique que existe unha **persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19 no centro de ensino e proceda realizar un estudo de contactos, deberá chamar á CSC** para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que está dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

A CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao responsable do ECCE, a través da **aplicación EduCOVID** solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo. Neste momento, se previamente non se fixo, o



responsable do ECCE deberá **pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono que está dispoñible en EduCovid**, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

Debe recordarse que, como se mencionou anteriormente, nos centros de educación infantil e primaria, non será necesario realizar esta identificación de contactos ata que se produza unha agrupación de casos COVID e, polo tanto, **non será necesario chamar á CSC pero si comunicar o expediente sen rexistrar ningún contacto** (premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa para que poida facerse a correspondente traza temporal).

Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCOVID, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao responsable do ECCE e pediralle que realice a súa carga en EduCOVID.

En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCOVID. No caso de centros educativos que non dispoñan de EduCOVID, o responsable COVID do centro deberá **pórse en contacto coa CSC** e seguir as indicacións que os rastreadores lle faciliten. Debe terse en conta a especial relevancia da comunicación de casos e contactos a través da plataforma habilitada para tal fin, posto que **será a plataforma a través da cal os ECCE e a CSC poderán consultar se se cumpre algún dos criterios de agrupación de casos nunha aula ou contorna do centro educativo.**

O persoal da **CSC axudará ao responsable do ECCE a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos** do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCOVID (apartado 4.1), na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o responsable do ECCE deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o responsable do ECCE enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCOVID.

No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” **sen seleccionar a ningunha persoa.** Deste xeito, o estado do



expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.

No descrito previamente asúmese que, se é **o responsable do ECCE quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19**, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederáse do xeito seguinte:

- 1 Unha vez recibida a notificación, a CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de COVID. Se non hai información abondo que permita descartar o caso, o responsable do ECCE cargará o caso en EduCOVID co **IdOrixe 0000**. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.
- 2 Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e **gárdanse, pero non se notifican**. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será o director do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). O director informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de COVID-19 (ver modelo de comunicacións curtas na Axuda de EduCOVID).
- 3 Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o responsable do ECCE modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederáse de forma habitual, onde a CSC informará aos contactos estreitos da súa situación (sms ou chamada telefónica).

En todo este proceso, esixírase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da COVID.



5. MANEXO DOS CONTACTOS ESTREITOS IDENTIFICADOS NO CENTRO EDUCATIVO

As persoas incluídas na listaxe de contactos estreitos remitidas á CSC a través de EduCOVID, recibirán información da CSC (sms ou chamada telefónica) **indicándolles que medidas de prevención deben seguir**. Esta comunicación non ten porque ser inmediata e pode demorarse ata o día seguinte, polo que se recomenda que o responsable do ECCE notifique á comunidade educativa a existencia dun caso positivo relacionado co centro, tendo sempre en conta a necesidade de manter a confidencialidade da persoa diagnosticada da COVID.

De igual xeito, e para evitar demoras nas actuacións, o **responsable do ECCE deberá realizar unha primeira notificación ás persoas identificadas na listaxe de contactos estreitos** remitidas á CSC a través de EduCOVID (ver modelos de comunicacións curtas na Axuda de EduCOVID). Nela, indicarlles que foron considerados contactos estreitos dun caso positivo, motivo polo cal deberán extremar as medidas de prevención e esperar á comunicación da CSC na que se lles facilitará información individualizada.

5.1. Medidas a seguir polas persoas que forman parte da rede de contactos dun caso esporádico en educación infantil e primaria

Como xa se comentou anteriormente, mentres non exista unha agrupación de casos nos centros educativos de educación infantil e primaria, os casos esporádicos non xerarán contactos estreitos. Non obstante, os ECCE deberán informar da presenza dun caso positivo ás persoas que formen parte da rede de contactos do caso positivo (persoal do centro e alumnado) e das **medidas preventivas que deben seguir durante os 10 días seguintes ao último contacto coa persoa positiva**:

- **Realice unicamente actividades que sexan esenciais** para a súa vida diaria (ex.: acudir ao seu posto de traballo/centro educativo ou realizar compras básicas).
- **Manteña a distancia de seguridade** con outras persoas de polo menos 1'5 metros e use sempre a máscara. **Non realice actividades que impliquen quitar a máscara** se non pode asegurar a distancia de seguridade. No caso de menores de 6 anos que **non poidan facer un uso adecuado da máscara, recomendase valorar o uso de FFP2 para as persoas que vaian a estar a menos de 2 metros** (Ex.: persoal do centro, compañeiros que poidan facer uso da máscara, familiares etc.)



- Lave as mans con frecuencia.
- **Non acuda a eventos ou lugares con moitas persoas** nin a reunións sociais con familiares ou amigos.
- **Non teña contacto con persoas vulnerables** como persoas maiores ou enfermas.
- **Vixíe que non aparece ningún dos síntomas sospeitosos da COVID-19** e, se aparece algún, quede na casa e pida unha cita telefónica no seu centro de saúde ou no 881 540 045 [consultar [instrucións de illamento para o caso sospeitoso](#)].

5.2. Medidas a seguir polas persoas identificadas como contacto estreito

As persoas consideradas contacto estreito dun caso COVID sempre deberán seguir medidas de corentena ou vixilancia, independentemente de onde se producira a exposición ao caso COVID ou da idade que teñan.

Corentena domiciliaria:

- Deberán gardar corentena domiciliaria todos os contactos estreitos de casos confirmados de COVID-19 que non estean [completamente vacunados, non pasaran a COVID-19 nos últimos 6 meses ou estean inmunodeprimidos](#).
- Aínda que non é frecuente, as autoridades de saúde pública poden indicar medidas de corentena aos contactos estreitos aínda que estean completamente vacunados ou pasasen a COVID nos últimos 6 meses se consideran que a infección do caso confirmado se debe a unha variante do SARS-CoV-2 de maior impacto ou interese ou se hai sospeita de que a infección se adquiriu dun visón.
- Estas persoas deberán absterse de acudir ao centro educativo, debendo permanecer no domicilio en corentena á espera dunha comunicación da CSC na que se lles facilitará mais información.



- A realización da corentena implica a necesidade de que o contacto estreito colabore no seguimento que realizará a CSC da súa situación clínica e realice as probas diagnósticas que esta lle indique.
- Pódense consultar as instrucións para realizar unha correcta corentena domiciliaria na seguinte [ligazón](#).

Vixilancia por contacto estreito:

- Unha persoa contacto estreito deberá seguir medidas de vixilancia, estando exenta de corentena, cando estea completamente vacinada ou pasara a COVID-19 hai menos de seis meses.
- Estas persoas poden saír do domicilio e acudir ao centro educativo, pero **deben extremar as medidas de prevención e control, facendo sempre uso da máscara cando compartan espazo con outras persoas** e non manteñan unha distancia mínima de 2 metros.
- Se polo motivo que fose non puidesen realizar as medidas de vixilancia, estas persoas deberán realizar unha corentena domiciliaria.
- Pódense consultar as instrucións para realizar unha correcta vixilancia por contacto na seguinte [ligazón](#).

É importante saber que, ao igual co resto da poboación xeral, **estarán exentos de corentena e vixilancia aquelas persoas que fosen diagnosticadas coma caso confirmado de COVID-19 nos últimos 3 meses**. Esta situación non ten que ser identificada polo responsable do ECCE, senón que serán os propios contactos estreitos ou as súas persoas de referencia quen trasladen esta información á CSC cando se lle comunique a súa situación coma contacto estreito.

De igual forma, compre recordar que **os conviventes de contactos estreitos que non tiveron contacto estreito co caso confirmado, poden continuar coa súa vida habitual**. Nese caso o contacto estreito



deberá separarse, na medida do posible, do resto dos conviventes. No caso de estar en corentena, recomendase que esta se realice nunha habitación individual.

Una vez estudados os contactos e establecidas as medidas de corentena ou vixilancia para aqueles considerados como estreitos, as actividades docentes continuarán de forma normal, extremando as medidas de precaución.

As persoas catalogadas como contactos estreitos poderán solicitarlle á CSC un xustificante que lles permita acreditar a súa situación de contacto en corentena ou contacto en vixilancia segundo corresponda.

6. INFORMACIÓN RELACIONADA CO VIRUS SARS CoV-2 E A COVID-19

6.1. Equipos COVID Escolas

Os equipos COVID escolas están formados polos profesionais sanitarios do centro de saúde considerado como referente para cada centro docente. Os ECCE poderán consultar dúbidas que poidan ter relación co virus SARS-CoV-2 e a enfermidade COVID-19. Se non fose posible contactar con este equipo pódese chamar ao número de información sobre a COVID en Galicia: 881 54 00 45.

6.2. Central de Seguimento de Contactos

A CSC é a encargada de realizar as enquisas epidemiolóxicas aos casos e identificar os seus contactos estreitos. Deste xeito, e como o seu propio nome indica, a CSC realiza os seguimentos das persoas en corentena e en vixilancia, solicitando as PDIA que se consideren necesarias segundo o protocolo vixente.

Se o centro educativo ten dúbidas sobre o manexo de contactos no centro escolar, deberá chamar ao persoal da CSC asignado a tal fin (de 9 a 22h todos os días da semana) no teléfono que está dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

6.3. Recursos e fontes de información para centros educativos

Os conceptos que se usan neste documento e as súas definicións están en constante revisión, polo que pode que varíen ao longo do tempo. Pode consultar as definicións dos seguintes conceptos actualizadas Na seguinte [\[ligazón\]](#) pode consultar as definicións actualizadas dos conceptos: caso sospeitoso, caso confirmado con infección activa, contacto estreito, vacinación completa, persoa inmunodeprimida e reinfección.

Tamén pode consultar os recursos formativos elaborados pola Consellería de Sanidade co obxectivo de ofrecer os coñecementos necesarios aos equipos COVID e á comunidade educativa que permitan unha maior seguridade e información ao conxunto da comunidade educativa [\[ligazón\]](#).

Por último, dispón de información específica sobre as medidas de illamento que se lle facilitan aos casos sospeitosos e confirmados, así como as medidas de vixilancia ou corentena que se lle facilitan aos contactos estreitos en Galicia. Pode consultalas especificamente premendo sobre cada un dos seguintes apartados:

- [Caso sospeitoso: medidas de illamento no domicilio.](#)
- [Caso confirmado: medidas de illamento no domicilio.](#)
- [Información para contactos estreitos en corentena.](#)
- [Información para contactos estreitos en vixilancia.](#)
- [Criterios de alta do illamento.](#)



ALGORITMO DE ACTUACIÓN ANTE CASOS CONFIRMADOS DA COVID-19 EN CENTROS EDUCATIVOS

